

## **PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A REALIZACIÓN DO DIRECTORIO DE EMPRESAS DE CULLEREDO**

### **1. ÁMBITO DO PREGO**

O presente prego constitúe o conxunto de condicións, normas, especificacións e características mínimas esixibles que rexerán a execución da realización do DIRECTORIO DE EMPRESAS DE CULLEREDO.

### **2. OBXECTO DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO**

Os principais **OBXECTIVOS** son:

- ✓ Dar a coñecer as empresas asentadas no ámbito territorial de Culleredo.
- ✓ Elaborar unha ferramenta promocional que sirva para impulsar o negocio e que se poida manter actualizada de xeito constante.
- ✓ Facilitar os contactos empresariais e comerciais, podéndose impulsar novas relacións e actividades de cooperación entre as empresas.
- ✓ Apoiar ás empresas na difusión dos seus servizos e produtos.
- ✓ Posicionarse como o espazo virtual de referencia para localizar calquera información das empresas do municipio.
- ✓ Coñecer a distribución territorial das empresas de Culleredo.
- ✓ Servir, como ferramenta de información sobre o territorio, de apoio ás futuras medidas a levar a cabo na dinamización e promoción económica do Concello.

O **ALCANCE** da proposta técnica centrarase en tres aspectos complementarios:

- ✓ Elaboración dun Directorio de empresas situadas no territorio do Concello de Culleredo.
- ✓ Deseño dunha ferramenta informática con formato de base de datos, de xeito que permita a súa depuración e actualización continuada no tempo por parte do Concello de Culleredo.
- ✓ Integración do Directorio de empresas (só para aquelas que desexen aparecer no mesmo) no portal web do Concello, achegando os deseños e contidos necesarios para a súa publicación, actualización por parte do Concello e consulta neste espazo virtual permitindo ademais coñecer a situación territorial das empresas nun mapa dixital.

### **3. PROPOSTA**

A proposta debe conter os seguintes apartados:

- Metodoloxía de traballo. Fontes de información
- Recursos

- Proposta de contidos e estrutura
- Cronograma con prazo de entrega
- Produtos finais

#### **4. ORZAMENTO**

O orzamento aprobado para a presente contratación ascende a 16.500 euros, IVE engadido.

#### **5. CONDICIÓNS XERAIS**

- ✓ A estrutura e o contido do Directorio de Empresas estará supervisado por Promoción Económica do Concello de Culleredo.
- ✓ O soporte técnico da base de datos entregarase acompañado da documentación utilizada así como do procedemento de actualización, no que se describirán todas as fontes empregadas e os traballos realizados para a súa obtención, todo isto co obxectivo de que as futuras actualizacións poidan ser realizadas directamente pola Concellaría de Promoción Económica do Concello de Culleredo.
- ✓ Os dereitos de autoría serán propiedade do Concello de Culleredo unha vez que se realice a entrega.
- ✓ A empresa responsabilizarase de que o tratamento dos datos de carácter persoal se realizará de acordo coa lexislación vixente ao respecto e comprometerase a que estes datos non serán aplicados nin utilizados con fins distintos aos que figuren na proposta técnica, nin se comunicarán, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas ou entidades sen a autorización expresa do Concello de Culleredo.
- ✓ A empresa responsabilizarase de que os datos das empresas que figuren na páxina web se farán de acordo coa lexislación vixente con respecto ao tratamento de datos de carácter persoal
- ✓ O prazo de entrega rematará o 15 de decembro de 2008

Culleredo, 03 de xullo de 2008

Asdo.: Mónica López Andrade  
Xefa de Servizo de Promoción Económica